

Licenza, disciplina, especialidade e proba atlética

1. O obxecto do presente Regulamento é regular a organización, participación, desenvolvemento e efectos clasificatorios das competicións organizadas, tuteladas ou recoñecidas pola Federación Galega de Atletismo (FGA),
2. Aos efectos do presente Regulamento, denomínase licenza FGA á licenza expedida pola Federación Galega de Atletismo.
3. Unha disciplina atlética é unha agrupación de varias especialidades atléticas, que teñen en común a forma en que se desenvolven atendendo ás habilidades ou destrezas requiridas e que poden adscribirse a unha ou varias subespecialidades deportivas.
4. Unha especialidade atlética é unha agrupación de varias probas atléticas, con características comúns ou similares, adscritas a unha mesma disciplina atlética.
5. Unha proba atlética é unha actividade deportiva, normalizada e regulamentada, recoñecida ou autorizada por World Athletics, a RFEA ou FGA, adscrita a unha especialidade atlética.
6. A FGA conta coas seguintes especialidades deportivas que se subdividen en subespecialidades:
 - a) Pista.
 - Pista Cuberta: celebradas en instalacións cubertas homologadas
 - Pista Ao Aire Libre: celebradas en instalacións abertas homologadas
 - b) Ruta (que inclúe todas as carreiras urbanas, de calquera distancia, como millas urbanas, 10 km, medio Maratón, Maratón, gran fondo, ultra Maratón, etc.).
 - c) Campo a través.
 - d) Marcha.
 - Marcha en Ruta
 - Road Walking
 - e) Trail running
 - Trail
 - Carreiras de Montaña
 - Trail walking
 - f) Atletismo en praia.